



XUNTA DE GALICIA



Concello de Tomiño



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS, A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TOMIÑO PARA A “MELLORA DA CONEXIÓN ENTRE A EP-3102 TOMIÑO – SABARÍS E A PO-344 Ó SEU PASO POLO NÚCLEO URBANO DE SEIXO”.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, María del Carmen Silva Rego, en nome e representación da Deputación de Pontevedra facultado para a formalización deste convenio en virtude do disposto no artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das Bases do Réxime Local e 105.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

Doutra parte, Sandra González Álvarez, na súa condición de alcaldesa do Concello de Tomiño, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a estrada provincial EP-3102 Tomiño-Sabarís e a estrada autonómica PO-344 conflúen ao seu paso polo núcleo urbano do Seixo (Concello de Tomiño).

Segundo.- A confluencia de ditas estradas no núcleo urbano está xerando un grave problema de conxestión de tránsito de vehículos en Tomiño, toda vez que trala confluencia das mesmas se produce unha IMD estimada na estrada autonómica que atravesa o núcleo de entre 5.000 e 10.000 vehículos/día.



XUNTA DE GALICIA



Concello de Tomiño



Terceiro.- O desenvolvemento urbanístico de Tomiño nos últimos 15 anos ten provocado un aumento poboacional importante de ata o 30% (10.700 habitantes no ano 2000 a 13.900 no 2015). Así mesmo, a ubicación dunha serie de equipamentos públicos para dar servizo a dita poboación (instituto, campo de fútbol, pavillón polideportivo, centro de saúde, centro de día, centro de discapacitados, edificios administrativos, colexio público e zona deportiva, etc.) conectados a través das estradas referidas no artigo primeiro, supuxo nos últimos anos un incremento de usuarios das mesmas e polo tanto do paso de vehículos polo centro do núcleo urbano.

Cuarto.- Que o concello de Tomiño ten desenvolvido varias actuacións de transformación do espazo público co fin de crear un núcleo urbano de preferencia peonil se ben, neste sentido para mellorar a seguridade viaria é necesario calmar o tráfico na estrada autonómica.

Quinto.- A Xunta de Galicia ten aprobado o proxecto de vía de alta capacidade Tui-A Guarda que contempla un acceso ao núcleo de Tomiño, que si ben mellora a comunicación do mesmo, non resolve por si mesmo os problemas de tráfico antes expostos, polo que é preciso un deseño global do entramado viario que contemple o xa proxectado pola Xunta.

Sexto .- Que o enlace en Seixo da futura VAC Tui – A Guarda, que ten previsto desenvolver a Axencia Galega de Infraestruturas solapa con parte da actuación referida neste convenio.

Sétimo.- Que, unha vez realizada a actuación de mellora referida no presente convenio, a travesía de titularidade autonómica, entre o PQ 1+720 e o PQ 2+750, adquirirá condición de vía urbana, segundo o establecido na Lei 8/2013 de Estradas de Galicia e Decreto 66/2016 polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, tendo en conta que:

- a) O seu tráfico é maioritariamente urbano.
- b) Existirá unha alternativa viaria que proporcione un mellor nivel de servizo, suporá unha redución dos tempos de viaxe e manterá a continuidade do itinerario a través da nova estrada de titularidade da Deputación de Pontevedra.

Oitavo.- Que a actuación de mellora da conexión entre a EP-3102 Tomiño – Sabarís e a PO-344 ó seu paso polo núcleo urbano de Seixo, contemplada neste convenio e que levará a cabo a Deputación de Pontevedra, resolve os problemas de tráfico da PO-344



XUNTA DE GALICIA



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

galicia

Concello de Tomiño



no núcleo urbano, resolve o acceso da futura vía de alta capacidade có núcleo de Tomiño, e converte a travesía autonómica en vía urbana, coa conseguinte transferencia ó Concello, é o que xustifica a participación neste convenio das tres administracións referidas.

Por todo o exposto as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é o establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tomiño para a "Mellora da conexión entre a EP-3102 Tomiño – Sabarís e a PO-344 ó seu paso polo núcleo urbano de Seixo".

O orzamento de execución destas actuacións estímase en **TRES MILLÓNS CINCOCENTOS CORENTA E CINCO MIL SEISCENTOS VINTE E TRÉS EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS DE EURO (3.545.623,60€)** IVE engadido. Este importe inclúe expropiacións, a execución das obras, modificados, revisións de prezos e liquidación de obra.

SEGUNDA. - OBRIGAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

A Deputación de Pontevedra obrígase a:

- 1) **Elaborar o documento técnico**
- 2) Levar a cabo licitación e execución das obras.
- 3) Financiar os gastos de redacción do proxecto, a execución da obra así como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras por un importe maximo de **DOUS MILLÓNS TRESCENTOS CINCUENTA E UN MIL CENTO SESENTA E TRES EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS DE EURO (2.351.163,26€)** IVE engadido, con cargo á aplicación do vixente orzamento provincial.
- 4) Asumir as obrigas económicas que excedan os importes do importe consignado no punto terceiro desta cláusula relativo a execución de obras, redacción do proxecto, asistencia técnica para seguimento e control, e a dirección das obras.



XUNTA DE GALICIA

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

galicia

Concello de Tomiño



TERCEIRA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE TOMIÑO.

Serán obrigas do Concello de Tomiño:

1.O Concello financiará **DOUSCENTOS SESENTA E UN MIL DOUSCENTOS CORENTA EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS DE EURO** (261.240,36 €) IVE engadido con cargo ao **Plan Concellos 2017 con cargo a partida orzamentaria.....**

2.Asumir a titularidade do tramo da estrada autonómica PO-344 entre o PQ: 1+720 e o PQ: 2+750, no estado actual e asumindo polo tanto tódalas obrigas que supón esta transferencia asinándose a correspondente acta de entrega. **A Xunta de Galicia iniciará o procedemento de cambio de titularidade deste treito de estrada trala sinatura deste convenio.**

CUARTA.- OBRIGAS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume os seguintes compromisos:

1.Aprobación do proxecto de trazado, coa tramitación do Decreto de Utilidade Pública.

2.Tramitación da información pública.

3.Xestión e custo do capítulo de expropiacións. A Xunta de Galicia financiará o capítulo de expropiacións, así como os contratos de servizo necesarios para a realización dos trámites de expropiación segundo as seguintes cantidades:

Anualidades	Contrato de servizo 512B 640.1 - 2007-00282	Expropiacións 512B 600.3 - 2012-00012
2017	5.827,84	93.322,00
2018	17.483,52	373.288,00
2019	5.827,84	373.288,00
2020	-	93.321,98
TOTAL	29.139,20	933.219,98

4.Unha vez rematado todo o proceso de expropiación ceder os terreos á Deputación de Pontevedra como novo titular da estrada.

QUINTA.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas, e que obriguen a unha modificación do proxecto, ou se produza un



XUNTA DE GALICIA



Concello de Tomiño



incremento ou diminución do seu custo, será financiado por as distintas institucións segundo as porcentaxes establecidas para o financiamento inicial.

SÉXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento, coa participación de dous representantes da Axencia Galega de Infraestruturas, dous representantes da Deputación de Pontevedra e dous representante do Concello de Tomiño.

As funcións da Comisión de Seguimento entre outras, serán as seguintes:

- impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas
- propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do presente convenio
- propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula primeira.

SÉTIMA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido no presente convenio e, supletoriamente, polos principios do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, consonte o establecido no artigo 4,2 da antedita lei e a Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público. Tamén será de aplicación o disposto na Lei 8/2013, de 28 de xuño de estradas de Galicia.

OITAVA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

As modificacións formalizaranse mediante *addenda* cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación, de acordo coa normativa de contratos administrativos, que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula primeira do convenio. En todo caso, os compromisos de gasto aprobados pola



XUNTA DE GALICIA



Concello de Tomiño



Axencia Galega de Infraestruturas, recollidos neste convenio, poderán ser reaxustados unilateralmente por parte da Axencia Galega de Infraestruturas, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula cuarta do convenio e sempre que non aumente o número de anualidades, para acompasalos ao importe de adxudicación e ao ritmo de execución das obras de referencia, sen que este reaxuste necesite da tramitación dunha addenda ao convenio.

Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre A Deputación de Pontevedra, o Concello de Tomiño e a Axencia Galega de Infraestruturas.

NOVENA. RESOLUCIÓN

1.As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, pola presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, poñen fin á vía administrativa.

2.Serán causas de extinción deste convenio:

- o non cumprimento do seu obxecto
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes
- o incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel
- denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes

Cada unha das situación descritas por si soa é causa suficiente de resolución do convenio.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenio da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).



XUNTA DE GALICIA



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

galicia

Concello de Tomiño



UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá efectos dende a súa sinatura e a súa vixencia manterase ata a recepción das actuacións no prazo sinalado no documento técnico ou no que, por motivos debidamente xustificadas, poidan acordar as administracións afectadas. A ampliación dos prazos realizarase previa a correspondente solicitude a través da comisión de seguimento citada na cláusula sexta. Porén seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

En todo caso, a eficacia do presente convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2020.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A alcaldesa do Concello de
Tomiño

Sandra González Álvarez

A Presidenta da Deputación de Pontevedra

María del Carmen Silva Rego

A presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas

Ethel María Vázquez Mourelle